

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN EXECUTIVAS DE GALICIA PARA A VISUALIZACIÓN E APOIO A PROMOCIÓN DA IGUALDADE A TRAVÉS DO PROXECTO “REFERENTES GALEGAS”

### MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano superior en materia de igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na mate

A Comunidade Autónoma de Galicia en virtude da Lei 7/2023, de 30 de novembro, refórzase o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade. Establece o compromiso de promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral favorecendo o emprego feminino por conta propia ou allea e garantindo a igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social co fomento da corresponsabilidade e conciliación do emprego e a vida persoal e familiar.

A Lei 7/2023, de 30 de novembro, co fin de facer efectivo o dereito constitucional da igualdade, insta os poderes públicos de Galicia a adoptar medidas específicas en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes. Así, entre outros, establécense como criterios de actuación o fomento do asociacionismo das mulleres, a dinamización do seu tecido asociativo e a creación de redes.

A Asociación Executivas de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que se rexe polos seus estatutos e pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais normativa aplicable. que figura inscrita no Rexistro de Entidades

**DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**



Prestadoras de Servizos Sociais co número E6374 ten como obxectivo representar e defender os dereitos e intereses das mulleres, para conseguir a toma de conciencia do rol que desempeñan na sociedade e concretamente no mundo empresarial e executivo galego, centrándose en buscar o apoderamento, a igualdade e a promoción da muller galega en todos os ámbitos. Entre os fins principais da asociación atópanse:

- Facerlle ver ás empresas o valor engadido do liderado feminino
- Favorecer o networking entre as mulleres executivas galegas
- Compartir experiencias laborais do mundo executivo feminino galego que ademais multidisciplinar. Facerse máis visible como grupo de opinión das mulleres cualificadas galegas, dando unha maior visibilidade á figura da muller executiva galega
- Favorecer o desenvolvemento de reunións e xuntas entre as mulleres executivas para intercambiar coñecementos e inquietudes.
- Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social, política, empresarial, e executiva
- Buscar o apoderamento e promoción das mulleres galegas ata alcanzar a igualdade real.

A Asociación pretende crear unha rede de apoio que visualice e impulse o valor das mulleres como motor de futuro e axentes clave no desenvolvemento socioeconómico de Galicia, así como promover cambios e melloras nas políticas que leven a cabo as administracións, entidades e institucións en clave de igualdade.

O papel desta asociación é clave no cambio de valores e de cara á transformación necesaria para avanzar na igualdade real e efectiva por razón de xénero cara a desenvolvemento accións de fomento e visibilización do liderado feminino e de impulso da participación equilibrada de mulleres nos espazos de toma de decisións na esfera económica, política, cultural, científica etc.

O obxecto deste Convenio é establecer as bases reguladoras para a concesión directa dunha subvención da Consellería de Política Social e Igualdade á entidade Asociación Executivas de Galicia para o desenvolvemento do programa "Referentes Galegas" mediante o cal se dan a coñecer mulleres expertas das diferentes áreas do coñecemento e se recoñece o talento e o liderado feminino.



Dado a especificidade do programa a desenvolver e necesario que este sexa executado por unha entidade que poida actuar de xeito integral, que conte con persoas con experiencia acreditada nestes proxectos, cos medios necesarios e que reúna as condicións de solvencia técnica para a realización das actividades propostas.

Estas consideracións xustifican a elección da Asociación Executivas de Galicia para desenvolver este proxecto xa que é a única existente en Galicia que reúne as condicións necesarias para levalo a cabo. Circunstancia esta, que xustifica a excepción do principio de concorrència pública de conformidade co artigo 26.2.a da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos dos sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación Executivas de Galicia para o financiamento das accións sinaladas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Promoción da Igualdade

Maria Quintiana Pérez

